



P.1. No audio, destacan unha “primeira lección”. Cal é o saúdo entre camiñantes?

- a) Boa andadura!
- b) Até logo!
- c) Bo Camiño!
- d) Ultreia!

P.2. Segundo o audio, que indica en Asturias a parte máis pechada da cuncha de vieira?

- a) Exactamente o mesmo que en Galicia: o camiño que debemos tomar.
- b) O camiño que debemos tomar, pero faino ao contrario que en Galicia, onde a parte aberta marca a dirección.
- c) Dá igual a dirección que sinale a parte aberta ou pechada da cuncha: as dúas indican o mesmo.
- d) A cuncha da vieira non indica o camiño, só o indican as frechas amarelas.

P.3. Completa este resumo usando unha das opcións do recadro:

os bordóns / as cunchas de vieira / os sombreiros de aba ancha

Este audio achéganos ao Camiño de Santiago, comezando polo saúdo e prestando especial atención aos símbolos que nos poden guiar, como son as frechas amarelas e, que xunto coa antiga indumentaria son únicos para esta ruta. Contra o final, aproveita para contarnos algunha curiosidade, como a lenda da sombra do peregrino na Quintana.

P.4. Cal é a finalidade do audio?

- a) Entreter a quen escoita contándolle unha peli de misterio ambientada na Quintana.
- b) Describir certos lugares da cidade de Santiago de Compostela.
- c) Presentar o aspecto máis deportivo do Camiño.
- d) Animar a quen escoita a que faga o Camiño.

P.5. Cal é o sentimento principal que transmite a narradora?

- a) Entusiasmo, ledicia... ao transmitir a información.
- b) Preocupación, inquedanza... por se non nos logra convencer para facer o Camiño.
- c) Desinterese, aburrimiento... porque non lle interesa o tema que trata.
- d) Nerviosismo, desacougo... porque xa se achega o final do Camiño.

P.6. Propóñenche investigar sobre os símbolos do Camiño: por que son eses e non outros? A responsable da biblioteca ensínache diversos materiais, cal dos seguintes libros sería o máis axeitado?

- a) *Mundo a través. Todos os camiños levan a Santiago.*
- b) *Guía práctica do peregrino xacobeo: escolle a túa ruta.*
- c) *Cunchas, frechas e pintadas: orixe e historia dos símbolos que guían o Camiño.*
- d) *Guía ilustrada do Camiño Francés.*